



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTENOVE DE MARZO DO ANO DOUS MIL OITO.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas e dez minutos do día vintenove de marzo do ano dous mil oito, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Fernando Rodríguez Broullón.
D. Antonio Estévez González.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado
Dna. María Belén González González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González.

Actúa como Secretaria, a Secretaria da Corporación, Dna. Laura Fernández Permy.

Non asiste o concelleiro D. Benito Vázquez Vázquez

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS VINTESEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL OITO, ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO E DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL OITO.

Téndose remitido ós Sres/as. Concelleiros/as actas das sesións anteriores celebradas en data vinteseis de xaneiro do ano dous mil oito, once de febreiro do ano dos mil oito e dezanove de febreiro do ano dous mil oito, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ós textos propostos.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica as seguintes observacións en relación á acta de data vinteseis de xaneiro do ano dous mil oito, no punto terceiro da mesma:

- 1.- No primeiro parágrafo recollese “Consortio Galego Social” e o nome correcto é “Consortio Galego de Igualdade e Benestar”.
- 2.- Nese mesmo parágrafo a redacción do acta “ser un solar ou estrutura antiga que fose adaptable, a proposta do antigo polideportivo valería se o Concello se encargase do derribo” fai interpretar que o seu Grupo Político defendía a construción da galescola no antigo Polideportivo e non é así porque nunca defenderon esa posibilidade.
- 3.- No segundo parágrafo da páxina numero quince o parágrafo da acta di “...é evidente que non é a Xunta a que decide e por iso estamos aquí, pero si que é a Xunta a que executa e é preciso establecer un terreo para cederlles”, e o voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo indica que dixo que “...é evidente que é a Xunta a que decide...”

Sometida a votación separada a aprobación das actas das sesións plenarias anteriores, resultan aprobadas co seguinte resultado:

Acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteseis de xaneiro do ano dous mil oito.

Tendo en conta as observacións indicadas anteriormente.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor)



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

ABSTENCIÓNS: Sres./as. Estevez González, Yáñez Salgado, González González por inasistencia á sesión, e Veloso González (catro abstencións).

Polo que a acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteseis de xaneiro do ano dous mil oito aprobouse coas modificación anteriormente indicadas por **maioría absoluta** (seis votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, e BNG e catro abstencións do grupo municipal do PP e mixto) **dos membros da Corporación.**

Acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data once de febreiro do ano dous mil oito.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Yáñez Salgado por inasistencia á sesión (unha abstencións).

Polo que a acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data once de febreiro do ano dous mil oito aprobouse por **maioría absoluta** (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto e unha abstención do grupo municipal do PP) **dos membros da Corporación.**

Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente celebrada en data dezanove de febreiro do ano dous mil oito.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso Gonzalez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Yáñez Salgado por inasistencia á sesión (unha abstencións).

Polo que a acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente celebrada en data dezanove de febreiro do ano dous mil oito aprobouse por **maioría absoluta** (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto e unha abstención do grupo municipal do PP) **dos membros da Corporación.**

PUNTO SEGUNDO: MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

-.Registro de Entrada nº 557 de data 24 de marzo de 2008: Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para a prestación eficaz do servizo de correos.

Xesús Deibe Fernández Simo, con documento de identidade 44470872-G, e Cayetano Carballo Suárez con documento de identidade 34973342-A ambos concelleiros e membros do grupo municipal do BNG.

EXPOÑEN:

En Galicia o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro posta; unhas positivas virtuais que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos; externización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/ As funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que poder favorecer a súa marcha mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendible, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notable en Galicia, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentras que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliarias. Nestes “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. .Nestes “entornos” a entrega dos envíos pñostais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será- dise “ todos os días laborábeis e, alomenos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “ convenir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “ se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non se dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/as destinatarios / as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados” E dicir, se non hai buzón , a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima”.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “ entorno especiais” é amplísima. Abonada con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “ as vivendas ailladas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos.”

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galicia non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado,) senón tamén máis do 5 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así unha situación que é nomeadamente grave en Galicia, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economistas e non de seguridade e eficacia do servizos, e que, a mais de todo iso, poder supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galicia, sobre todo no deprimido medio rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir nos noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacional insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte.

ACORDO:

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.
- 2.- Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galicia, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento. “



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, explica que esta moción é expor o sentir dos veciños, xa que fai dos anos tamen se intentou esto en Grou e Torno e tivo que levarse ao Goberno Galego para evitalo, continua dicindo que entenden que con esta nova normativa Lobios se quedaría sen reparto domiciliario e os veciños terían que ir á estrada ou á oficina de Correos a pola súa correspondencia.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que Correos é competencia do Goberno estatal, polo que esta sería unha decisión que debería tomar o Alcalde.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que estas decisións débense apoiar xa que Galicia pola súa dispersión require un trato especial.

Sometida a votación a presente moción, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a presente proposta aprobouse por **unanimidade** (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

-Registro de Entrada nº 554 de data 24 de marzo de 2008: Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para a cobertura da Televisión Dixital Terrestre e Cobertura de Radio.

“Jesús Deibe Simo, portavoz do BNG de Lobios, e Cayetano Carballo Suárez na condición de concelleiro, ambos membros do grupo municipal do BNG presentan para o seu debate e posterior votación no vindeiro pleno ordinario a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Real Decreto 9447/2005, polo que se aprobou o Plan Técnico Estatal da Televisión Dixital Terrestre, prevéronse as emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica ao 3 de abril de 2010, de xeito que, a partires desa data, toda a televisión terrestre será con tecnoloxía dixital en lugar da analóxica.

Nesta liña, o Plan Técnico Estatal de Televisión Dixital Terrestre recolle as diferentes fases de cobertura:

Nesta liña, o Plan Técnico Estatal da Televisión Dixital Terrestre recolle as diferentes fases de cobertura:

.80% da poboación antes do 31 de decembro de 2005.

.90% da poboación antes do 31 de decembro de 2008.

.98% da poboación para a RTVE e o 95% para o resto das Televisións antes do 3 de abril de 2010.

Quedando sen cobertura o 2% da poboación estatal no caso de RTVE e o 5% para o resto das Televisións.

Como se recolle na Resolución do 28 de febreiro de 2007 da Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia “ estas porcentaxes de poboación sen cobertura agrávanse no caso de Galicia, por mor da súa dispersión poboacional, a súa orografía, o seu baixo peso relativo no total da poboación estatal e as dificultades para o desenvolvemento e establecemento de infraestruturas de radiofusión axeitadas”

Neste senso, o Real Decreto 944/ 2005, permite aos concellos en colaboración coas Comunidades Autónomas a instalación, en zonas de baixa densidade de poboación de estacións en rede de frecuencia única para a difusión do servizo da televisión dixital terretre (TDT)

De feito a Comisión Executiva da Fegamp, na súa xuntanza ordinaria de 29 de xaneiro de 2007, solicitou que, a Secretaría Xeral de Comunicación incluíse nas súas subvencións e instalacións e concellos pequenos, que son xeralmente os que teñen menos recursos e ademais os máis afectados polas zonas de sombra, quedarán negativamente discriminados.

Por este motivo o Grupo Municipal do BNG solicita a adopción do seguinte:

ACORDO:

Instar á Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia para que dote ao noso concello dos equipos necesarios que permitan a cobertura da TDT na porcentaxe poboacional establecida no Real Decreto 944/ 2005, e nos prazos recollidos no artigo 6 do Plano Técnico Estatal da TDT.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Na mesma instancia solicita se regularice a recepción de sinais de radio e rematar coa discriminación que sofre o noso CONCELLO NESTA MATERIA.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o seu Grupo Político considera oportuno que tal como se fixo noutros Concellos se lle esixa á Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia que actúe e faga que se cumpra a Lei tanto para a cobertura da TDT como para a radio.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que como independente, todo o que sexa bo para o pobo se vota a favor, pero despois ten que facerse.

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que se vai votar a favor, indicando non obstante que este problema xa foi votado a nivel comarcal e debe facerse todo o posible para actualizar e evitar esta situación.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que as competencias nesta materia as ten a Xunta, continua dicindo que esta moción se presenta para presionar xa que nin é unha Competencia directa do Concello, nin hai capacidade económica para facerlle fronte.

Sometida a votación a presente moción, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a presente proposta aprobouse por **unanimidade** (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

-Rexistro de Entrada nº 555 de data 24 de marzo de 2008: Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

“Jesús Deibe Fernández Simo, portavoz do BNG de Lobios, e Cayetano Suárez na condición de concelleiro, ambos membros do grupo municipal do BNG presentan para o seu debate e posterior votación no vindeiro pleno ordinario a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan Xeral de Ordenación Municipal debe ser por definición o documento base que serva para o desenvolvemento integral e axeitado ó entorno do noso concello. En torques, o PXOM de Lobios está a converterse nunha ferramenta que trava e paraliza os enormes potenciais que ten Lobios. As trabas en materia de desenvolvemento industrial ou turístico son claro exemplos do exposto. A carencia de chan para uso de interese público nalgunhas parroquias ou as graves consecuencias que esta a ter para moitos veciños a nivel particular son outros dos motivos polos que se fai necesario levar adiante unha modificación.

ACORDO.

Iniciar no vindeiro mes unha modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal que incluía, sen prexuízo doutras as seguintes modificacións:

-Delimitación dunha área para desenvolvemento industrial á altura do cemiterio de Lobios.

-Reflexo de uso para cámping dunha zona sita no entorno do encoro a altura de A Malleta.

-Paso de Rústico a Urbanizable das vivendas sitas en Silvares e que estaban construídas previo a redacción do actual PXOM.

Recoñecemento dunha área no paraxe coñecido como Ponte de Carballedo xunto ó lugar de A devesa para posibilita a construción dun centro social na parroquia de Río Caldo.”

O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que antes de entrar a tratar os puntos da Moción hai que sinalar que temos en tramite unha subvención para a redacción dun novo Plan e que esta a punto de saír sen



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

custe para o Concello, continua dicindo que calquera modificación do Plan require o mesmo tempo, a redacción é mais rápida pero a tramitación é a mesma pero cun custe para o Concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que se pretende é un acordo do Pleno, son conscientes da solicitude da Subvención polo que se presenta a Moción para que se incorpore á modificación do Plan sen prexuízo doutras modificacións, continua dicindo que se presenta xa pola Reunión de Montes de Riocaldo no que xurdiu este tema e tamén por outras dúas cuestións a primeira de desenvolvemento industrial e outra de índole mais persoal que se debe a unha suposta irregularidade e un informe técnico mal redactado. Continua dicindo que estas tres modificacións son as que mais urxen: Riocaldo, a zona industrial e Silvares, neste punto insta a que se teña coñecemento da situación destas familias que é moi complicada e na que os seus avogados piden que se tome un acordo.

O Sr. Alcalde- Presidente indica que para poder adoptar estes acordos é preciso un informe técnico previo, unha redacción e despois un tramite mínimo de seis meses.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que pretende é un acordo do Pleno para poder requirir unha modificación.

O Sr. Alcalde- Presidente indica que tratado o tema co arquitecto lle explicou que era un tema técnico que require unha tramitación, continua indicando que non haxa dúbida de que non se opón as modificacións, polo que propón non debater o asunto ata que exista o informe técnico que nos diga como actuar.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica en primeiro lugar que debe de respectarse os roldas de debate, en canto ao tema que se trata indica que unha modificación do Plan cos intereses que conleva ten que facerse ben, co preceptivo informe técnico, tratar o Plan con esta lixeireza é unha falta de respecto.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que non é falta de respecto porque a presentación de Mocions é legal, continua dicindo que como grupo político ten a obriga de presentar mocions, hai que ter en conta a situación na que se atopan as dúas familias de Silvares ás que a propia administración as enganou e lles induxo, e nestas vivendas, que son anteriores ao ano dous mil un, están os aforros das familias e a estas familias non se lles pode dicir coa lei por diante. Continua dicindo que debe adoptarse un compromiso que adquiriu o concelleiro, evidentemente hai que cumprir a lei pero quen decide as cousas son os políticos non os técnicos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que se hai un problema será o primeiro un axudar, pero o Sr Alcalde di que non hai informe do técnico e na documentación así aparece, será o primeiro en axudar aos veciños, pero non se pode tratar unha modificación que require un informe e un tramite así, e debera meterse no plan e respectar ao Sr. Alcalde e a lei.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que presentaron unha moción que é algo legal.

O Sr. Alcalde- Presidente indica que ningún pacto pode dar lugar a unha irregularidade e que o político é creativa e o técnico fixa os baremos que non se poden traspasar, as decisións que se tomen deben estar acompañadas dos informes técnicos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González indica que adoptar acordos relativos a plans de ordenación así son acordos nulos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo do PP, Sra Yáñez Salgado, indica que están a favor do informe técnico, e que se este é favorable e hai beneficio para o pobo se votara a favor.

Sometida a votación a presente moción, acordouse solicitar o informe técnico co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a solicitude de informe técnico aprobouse por **unanimidade** (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

Antes de pasar ó seguinte punto da orde do día, o Voceiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Veloso González, sinala que desexa plantexar ó pleno corporativo unha moción de urxencia relativa ao falecemento dun antigo membro da corporación D. Albino Vázquez Paz.

Sometida a votación a urxencia da moción, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a urxencia da moción presentada polo Voceiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Veloso González, aprobouse por **unanimidade** (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto) **dos membros presentes da Corporación.**

O Voceiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Veloso González, sinala que desexa que quedase plasmado o recordo desta Corporación a D. Albino Vazquez Paz, que foi un concelleiro carismático independentemente dos seus ideais, e solicita un acordo do Pleno de recoñecemento do seus dereitos.

Sometida a votación a moción de urxencia, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (dez votos a favor).

Polo que a presente moción de urxencia presentada polo Voceiro do Grupo Municipal Mixto, Sr. Veloso González, aprobouse por **unanimidade** (dez votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto) **dos membros presentes da Corporación**

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós/ás concelleiros/as se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO CARTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, realiza os seguintes:

Primeiro: Solicita que, para facilitar o traballo se lles presentara o listado das Mocións e Decretos xunto coa convocatoria.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que se estudiara se legalmente se pode.

Segundo: Solicita tamén unha copia das facturas dos móbiles para saber a que liña pertencen xa que tiveron pouco tempo para examinar os Decretos.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que o tema das contas que é complexo se dara a coñecer no seu momento.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, formula os seguintes:

Primeiro: Solicita que conste en acta que a súa labor exercida na oposición dende fai oito anos non foi respetada por xente, continua dicindo que el non é Alcalde nin vive da política e que se se presentou como Concelleiro foi por mor do asunto do Balneario e que foi unha situación incorrecta nun momento en que non había secretario nin nada e presentou ao Concello un escrito para que se lle deixase ver a documentación e dende o Concello se lle negaron os seus dereitos, continua dicindo que agora saben todos como esta o Concello que é un presunto desfalco económico, naquel momento acudiu ao Xulgado e presentou un procedemento xudicial contra o Sr Benito e o Sr Secretario por non darlle a documentación e ali a Sra M^a Carmen Rodriguez dixo que todo estaba ben, este foi un asunto que elevou a procedemento xudicial. Continua dicindo que o segundo procedemento xudicial foi polo asunto das augas termais que derivou en arquivo porque houbo testemuñas contradictorias e eses foron os dous asuntos que presentou ante o Xulgado.

Segundo: Roga que haxa un acordo para a apertura de piscinas publicas de uso publico, un acordo entre a Confederación hidrográfica, a Corporación e os actuais donos do Balneario e que se dera un tanto por cento do auga para uso publico, que é polo que loita e seguira loitando.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que se está en negociacións coa Confederación e con San Rosendo e será a Confederación hidrográfica a que faga a cesión, e por outro lado se esta buscando a financiación mediante un INTERREG no que o Concello debería a portar o 25% , cantidade que se pretende conseguir a través de Industria.

Terceiro: Como vai o tema de residencias de anciáns e o centro de día.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que o centro de día se iniciara a execución da obra en verán e dará servizo a toda a comarca e principalmente a Lobios, Entrimo e Lobeira, e coa residencia privada se esta tramitando con LEADER e con unha empresa para financiar o 50% . Continua dicindo que co centro de día e a residencia quedaría o servizo ben, tamén se vai meter no orzamento a compra dunha furgoneta para un comedor sobre rodas. O centro de día é un proxecto que será gratuíta a súa construción e os custos de persoal e o Concello terá que aportar o 30% dos custos correntes de luz, auga.. A residencia ten que ser privada porque na publica hai que por unha porcentaxe e despois mantela, por iso se opta por unha privada e haberá que buscar unha axuda política por medio do LEADER do 2008 e 2013, esto levara tempo pero espera que antes de rematar a lexislatura teñan algo

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta se os empregos son públicos ou privados.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que son empregos públicos e se fai por un contrato inicial de dous anos e se intenta que teñan estabilidade laboral fixa.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta cal será o horario e as prestacións do centro de día porque os donos dos bares de Grou están preocupados.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que é o Consorcio o que determina o horario pero soe ser a recollida entre as 8 e 9 da mañá e a chegada de 7 a 8 da tarde, continua dicindo que no centro se reciben actuacións especializadas dende fisioterapia, animación sociocultural, intervención social, se pode conseguir máis información na páxina web do consorcio.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta cal será o custo para os veciños.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que será en función da renda das persoas pode ser baixa do 0%, media do 19%, ou alta do 35%, continua dicindo que tamén se



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

esta traballando para a compra dunha furgoneta de comida e tamén se fixo un incremento de auxiliares de axuda a domicilio motivado pola Lei de Dependencia.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, pregunta cal é o proxecto, as condicións e a cantidade que aporta a Xunta.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que esta pendente de saír no DOGA a cantidade pero que a estimación esta entre 600.000 e 800.000 euros e esa inversión a leva o 100% Galicia, e o proxecto esta a punto de saír o concurso pero pode mostrar o convenio que firmou o antigo Alcalde co Consorcio.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernández Permyu